

**DONA M<sup>a</sup> LUISA DE LA RED AMPUDIA, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)**

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte de novembro de dous mil dezaoto, fóra da orde do día e logo da declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**«E) Aprobación do expediente de contratación: «Ampliación do saneamento en Nebrixe (Bribes)», obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), POS Adicional 1/2018 por maior achega provincial - Expediente núm. 2018/C003/000026**

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de novembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 27 de novembro de 2017 foi redactado o proxecto denominado “*Ampliación do saneamento en Nebrixe (Bribes)*” polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Óscar Souto Muíño, cun orzamento de 54.311,06 € sen IVE, 65.716,38 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 27 de novembro de 2017 polo arquitecto municipal, no que se recolle que a actuación prevista atópase na afección da estrada DP-1702 de titularidade da Deputación Provincial, polo que se require autorización previa dese organismo.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria do 14 de decembro de 2017. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión da obra, con carácter supletorio, no POS+ Complementario 2018.

Consta o escrito rexistrado de entrada ao núm. 900/1222 o día 5 de marzo de 2018, procedente do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña, polo que se dá traslado ao Concello de Cambre da resolución de autorización da obra de referencia.

Segundo consta na «Circular sobre a aprobación da 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018. POS+ Adicional 1/2018 por maior achega 1ª fase», de data 19 de setembro de 2018, a Presidencia da Deputación, mediante Resolución número 30453/2018, do 12 de setembro, considerou definitivamente aprobada a primeira fase do citado plan, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 29 de setembro de 2017 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia (BOP)* núm. 188, do 3 de outubro de 2017.

Tal e como se establece nas citadas bases e na antedita circular, os concellos deben contratar os investimentos de acordo coa nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) (en adiante LCSP), utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que foron aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro está publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101, do 30 de maio de 2018,

respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/pregos-tipo](http://www.dacoruna.gal/contratacion/pregos-tipo).

Consta acta de replanteo de data 9 de outubro de 2018.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 10 de outubro de 2018.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 18 de outubro de 2018 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 160.60900, por importe de 65.716,38 euros.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 19 de novembro de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 19 de novembro de 2018.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a rede de sumidoiros [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2018/C003/000026, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "**Ampliación do saneamento en Nebrixe (Bribes)**", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2018" por maior achega provincial, da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de 59.742,17 euros, e cun orzamento base de licitación de 65.716,38 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 65.716,38 euros, por conta da aplicación orzamentaria 160.60900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidente:** O Sr. alcalde e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.  
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.  
A enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal e, como suplente, o arquitecto municipal.

**Secretaria:** A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita».

E para que conste e produza os oportunos efectos e coa salvidade e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente (artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) asino esta certificación por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde don Óscar A. García Patiño.

Visto e praxe  
O alcalde  
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral